

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN

SESIÓN: ordinaria

NÚMERO: 21/2023

DATA: xoves 30 de novembro de 2023

LUGAR: Salón de Plenos – Casa do Concello

HORA DE COMEZO: 20:11h

HORA DE REMATE: 0:00 h

PRESIDE JULIAN BUSTELO ABUIN

SECRETARÍA accidental, VANESSA REBOREDO FRAGA, que redacta esta acta.

ASISTEN

BNG
XUSTO XOSÉ ORDOÑEZ FIGUEIRA
SARELA BETANZOS FREIRE
PP
ANTONIO ISORNA VICENTE
JOSÉ LUÍS CASTIÑEIRAS LESENDE
RAMÓN VICENTE VICENTE
ALICIA CAROU ROMERO
MARÍA ELENA ABUIN CAROU
PSdeG-PSOE
MARÍA ELENA OTERO OTERO
OSCAR RIAL LAGO
ROSA ANA GARCIA FIGUEIRA
MIGUEL ANGEL IGLESIAS ROMERO
TAMARA GARCIA MUÑIZ
Rianxo en Común
JULIO ALCALDE HERMO
ANA VIDAL FUNGUEIRIÑO
JOSÉ ALBERTO ANGUEIRA GÓMEZ
OLALLA FIGUEIRA CASTAÑO

Sendo as 22:00 h. Faise un receso para descanso da sesión do pleno e as 22:07 h. Retomase a sesión do Pleno ordinario.

No punto 11 da orden do día e sendo as 23:11 h. Ausentase da sesión o concelleiro do PSOE Miguel Angel Iglesias Romero, incorporándose as 23:13 h. Unha vez remata a votación.

ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA

1. APROBACIÓN ACTA Nº 20/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/10/2023
2. APROBAR O TEXTO DEFINITIVO DO CONVENIO ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE E O CONCELLO DE RIANXO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á MANCOMUNIDADE DA SUBVENCIÓN TUR-CAMINO2022-011
3. APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DE CATRO- LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA)

PARTE DE CONTROL

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA INICIATIVA XABARÍN, APROBADA POR UNANIMIDADE NO PARLAMENTO GALEGO, DA LEXISLACIÓN VIXENTE, E CON MÁIS DE 33.000 SINATURAS
6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CON MOTIVO DO ESTADO LAMENTABLE DOS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE RIANXO
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CON MOTIVO DA FALTA DE ALUMEADO NOS PASOS DE PEÓNIS
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP FALTA DE TRAMO DE BEIRARRÚA NA ALDEA DA VACARIZA
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: 25 NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: CONTROL NO CONSUMO DE DROGAS EN ZONAS CERCANAS A ÁREAS INFANTÍS E REGULAR O BOTELLÓN
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA
12. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE MERCADO MUNICIPAL
13. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MELLORA DOS CEMITERIOS DE RIANXO: APARCAMENTO E ESCALEIRA PARA SUBIR ÓS PANTEÓNS
14. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ARQUITECTO TÉCNICO

15. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: REVERSIÓN DE TERRENOS PORTUARIOS: SETEFOGAS ATA A TOTALIDADE DO PARQUE GALICIA. FACHADA MARÍTIMA

16. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ATENCIÓN XUVENIL

17. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE : PLAN ESTRATÉXICO DE MOBILIDADE: URBAN E INTERCOMARCAL

18. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

19. DAR CONTA DE R.A. Nº 1031/2023 DE 03/11/2023 MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN, COMPETENCIAS E PERIODICIDADE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORPORACIÓN 2023-2027

20. ROGOS E PREGUNTAS

DELIBERACIÓNS

As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2023/G010/000021 e identificado pola pegada dixital:

d6e16ec28090e9ea95e303d5588e0f464175fd8fd9c095dc67ee5434592c8bc1

O vídeo gravado durante a sesión do que se extraeu o son incorporado ao expediente está, asemade, dispoñible para o público na URL:

<https://www.youtube.com/watch?v=IB5WGeI51L0>

ACORDOS

PROPOSTAS ORDINARIAS

PARTE DE RESOLUTIVA

1 APROBACIÓN ACTA Nº 20/2023 DO PLENO EN SESIÓN ORDINARIA DO 26/10/2023

A Presidencia pregúntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 20/2023 de 26/10/2023

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/10/2023, Acta nº 20/2023

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

2 APROBAR O TEXTO DEFINITIVO DO CONVENIO ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE E O CONCELLO DE RIANXO PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á MANCOMUNIDADE DA SUBVENCIÓN TUR-CAMINO2022-011

Expediente núm.: 2023/A006/000024

Visto que para intentar facilitar a execución dos proxectos subvencionados as entidades locais poderán encomendar a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta Administración. A encomenda de xestión non supón alteración da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

Visto que os Concellos dispoñen de competencias en información e promoción da actividade turística atendendo o artigo 25.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Visto que con data, 30 de decembro de 2021, se convocaron axudas mediante a aprobación da Orde ICT/1528/2021, no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a cal foi solicitada conxuntamente pola Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte e polos Concellos de Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira, a través do proxecto denominado "Traslatio experiencial. Ruta Mar de Arousa Río Ulla", de data 13/06/2022,

Dado que pola Secretaría de Estado e Turismo, en data 6 de xullo de 2023, acordouse conceder o importe de 244.200,00 euros a cada un dos concellos solicitantes, entre eles, ao Concello de Rianxo.

Atendendo a Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaria General de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición da entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establécese que as

entidades executoras do Plan poderán valerse doutras entidades do sector público, para levar a cabo as accións previstas no mesmo baixo a responsabilidade e dirección da entidade executora.

Visto o documento de retención de crédito de data 10/11/2023,

Vista a providencia de alcaldía de data 14/11/2023,

Visto o informe conxunto de secretaria/intervención de data 14 de novembro de 2023,

En virtude do disposto no artigo 47.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.

Encomendar á xestión a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a realización das accións e tramitacións das licitacións recollidas na solicitude da axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, desenvolvendo as medidas contidas no Plan e, en concreto, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

A presente encomenda, engloba a tramitación dos expedientes de contratación que vaian a ser adjudicados ó abeiro da Lei de Contratos do Sector Público, que sexan necesarios para a realización das accións e proxectos recollidos na solicitude de axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

SEGUNDO.

Aprobar o texto definitivo do convenio que se acompaña, que recolle todos os aspectos relativos ao obxecto, obrigacións, financiamento e vixencia de encoménda, que consta como ANEXO nesta proposta e que queda unido ao expediente.

TERCEIRO.

Autorizar e comprometer gasto por importe de 244.200,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 432/46300; Proxecto de gasto 2023/40/1/1.

CUARTO.

Remitir certificado deste Acordo xunto co texto do convenio a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte para a súa aceptación e sinatura.

QUINTO.

Publicar o referido convenio e o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do seu xeral coñecemento.

SEXTO.

Facultar ao Alcalde para a firma do Convenio e de cantos documentos sexan precisos para a consecución deste Acordo.

CONVENIO ENTRE A MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS RÍA DE AROUSA ZONA NORTE E O CONCELLO DE RIANXO

Na data de sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, José Ramón Romero García, Presidente da Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte, en nome e representación da Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte actuando especialmente autorizado para a firma do presente Convenio polo artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Julián Bustel Abuín, Alcalde-Presidente do Concello de Rianxo, na representación que ostenta en virtude do artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e autorizado para subscribir o presente Convenio por acordo de data 30/11/2023.

Ambas as partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente e necesaria para este acto, e libremente:

EXPOÑEN

Ambas entidades locais están amparadas para a subscrición de convenios de colaboración para garantir unha prestación máis eficaz dos servizos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 11 e 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; 86 da lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.

Para intentar facilitar a execución dos proxectos subvencionados as entidades locais poderán encomendar a realización de actividades de carácter material ou técnico da súa competencia a outros órganos ou entidades de dereito público da mesma ou de distinta Administración. A encomenda de xestión non supón alteración da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio.

Os Concellos dispoñen de competencias en información e promoción da actividade turística atendendo o artigo 25.2 letra h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte asume a competencia en materia de fomento e explotación do turismo en virtude do artigo 7 dos seus Estatutos.

Con data, 30 de decembro de 2021, convocáronse axudas mediante a aprobación da Orde ICT/1528/2021, no marco do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a cal foi solicitada conxuntamente pola Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte e polos Concellos de Rianxo, Boiro, Pobra do Caramiñal e Ribeira.

Pola Secretaría de Estado e Turismo, en data 6 de xullo de 2023, acordouse conceder o importe de 244.200,00 euros a cada un dos concellos solicitantes.

Atendendo a Resolución 1/2022, de 12 de abril, da Secretaria General de Fondos Europeos, pola que se establecen instrucións a fin de clarificar a condición da entidade executora, a designación de órganos responsables de medidas e órganos xestores de proxectos e subproxectos, no marco do sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establécese que as entidades executoras do Plan poderán valerse doutras entidades do sector público, para levar a cabo as accións previstas no mesmo baixo a responsabilidade e dirección da entidade executora.

Ditas entidades do sector público, non terán a condición de entidades executoras do PRTR, sino que a súa participación no mesmo terá, os efectos do sistema de xestión establecido na Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, un carácter meramente instrumental.

CLÁUSULAS

PRIMEIRO. Obxecto do convenio

Que a finalidade do presente Convenio é encomendar á xestión a Mancomunidade de Concellos Ría de Arousa Zona Norte, para a realización das accións e tramitacións das licitacións recollidas na solicitude da axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, desenvolvendo as medidas contidas no Plan e, en concreto, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

A presente encomenda, inclúe a tramitación dos expedientes de contratación que vaian a ser adjudicados ó abeiro da Lei de Contratos do Sector Público, que sexan necesarios para a realización das accións e proxectos recollidos na solicitude de axuda tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, debendo cumprir cos fitos e obxectivos asignados.

A este fin recibirá o financiamento percibido polos Concellos servindo este acordo coma compromiso de ingreso e debendo ser ingresado no momento no que os Concellos perciban os anticipos.

A Mancomunidade levará o seguimento destas cantidades mediante un proxecto de gasto aberto con esta finalidade.

SEGUNDA. Obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

O Concello:

-O Concello comprométese a achegar a cantidade de 244.200,00 euros, cantidade concedida mediante a resolución da Secretaría de Estado de Turismo en data 6 de xullo de 2023, para a execución dos proxectos descritos na memoria, tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, ó abeiro das axudas

convocadas mediante Orde ICT/1528/2021.

A achega municipal imputarase á aplicación orzamentaria 432.46300 e o proxecto de gasto 2023/3/40/1/1.

O presente convenio servirá como compromiso de ingreso o cal deberá ser transferido a Mancomunidade no momento no que o Concello perciba os anticipos.

-A entidade executora, o Concello, deberá comunicar á Secretaría Xeral de Fondos Europeos a relación coa Mancomunidade remitindo a encomenda que se formalice.

A Mancomunidade:

-A Mancomunidade de Concellos Zona Arousa Norte recibirá o financiamento percibido polo Concello servindo o presente convenio como compromiso de ingreso.

-A Mancomunidade levará o seguimento destas cantidades mediante un proxecto de gasto aberto con esta finalidade e destinará as cantidades transferidas á licitación dos proxectos descritos na memoria tramitada co expediente TUR-CAMINO2022-011, ó abeiro das axudas convocadas mediante Orde ICT/1528/2021.

-A Mancomunidade comprométese con cargo a financiación recibida a tal fin, a realizar as accións asignadas coa finalidade de axudar a entidade executora, o Concello, a desenvolver as medidas contidas no Plan, e en concreto, a cumprir cos fitos e obxectivos asignados como parte da Decisión de Execución do Consejo de acordo coas indicacións de seguimento, na forma e nos prazos previstos e baixo as directrices da entidade executora.

-A Mancomunidade facilitará á entidade executora toda a información de seguimento necesaria e, concretamente, a requirida para dar cumprimento ás obrigas de información recollidas na Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, a través da plataforma COFFEE.

-A Mancomunidade deberá cumprir cos principios transversais recollidos no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 e no artigo 2 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, incluíndo a obriga de dispor dun Plan Antifraude e de esixencia de cumprimentación das declaracións de ausencias de conflito de interese, de cesión e tratamento de datos e de compromiso de cumprimento dos principios transversais por parte dos intervenientes na xestión e execución.

-A Mancomunidade facilitará á entidade executora toda a información de seguimento e xustificación necesaria e, concretamente, a requirida para dar cumprimento ás obrigas de información e xustificación recollidas na Orde ICT/1528/2021, de 30 de decembro, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

TERCEIRA. Consecuencias por incumprimentos das obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

O eventual incumprimento dará lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades

correspondentes ás actividades pendentes de realizar, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

CUARTA. Mecanismos de seguimento, vixilancia e control de execución do convenio.

4.1. Comisión de seguimento.

Para garantir a correcta execución e o seguimento da execución deste Convenio poderase constituír unha Comisión de Seguimento.

As súas funcións serán as de resolver cantas cuestións poida expor a interpretación e o cumprimento do presente convenio, así como as de levar a cabo o seguimento da normal execución das actuacións previstas no mesmo, determinando os criterios e modos para posibilitar a mutua información e axeitado cumprimento dos compromisos respectivos.

Durante a vixencia do convenio e a proposta de calquera das partes, a comisión reunirse previa convocatoria sempre que o requira a boa marcha dos traballos.

O quórum necesario para a válida constitución da comisión será o de maioría dos seus membros, adoptándose os seus acordos por maioría de votos.

QUINTA. Réxime de modificación do convenio.

Os termos do presente convenio poderán ser modificados de mutuo acordo entre pártelas subscritoras. A modificación incorporárase como parte inseparable do texto do convenio.

SEXTA. Prazo de vixencia do convenio.

O presente convenio causa efectos desde o momento da súa firma e atoparase vixente ata a xustificación e resolución do expediente TUR-CAMINO2022-011 de concesión de axudas. Non podendo superar o prazo de duración de catro anos, prorrogables outros catro previo acordo das partes.

SÉTIMA. Extinción do convenio.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

En caso de resolución do convenio, as partes quedan obrigadas ao cumprimento dos seus respectivos compromisos até a data en que esta prodúzase.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia sen haberse acordado prórroga.
- O acordo unánime das partes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por declaración xudicial de nulidade.

- Por calquera outra causa prevista nas leis.

OITAVA. Réxime xurídico e resolución de controversias.

O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa conforme ao disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, deberán liquidarse, de mutuo acordo, a través da Comisión de Seguimento prevista na cláusula 4.

Tentada sen éxito a vía da Comisión de Seguimento, competará á Xurisdición Contencioso Administrativa a resolución das cuestións litixiosas xurdidas sobre interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación do presente Convenio, de conformidade coas previsións contidas na Lei 29/1998 de 13 de Xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade, asíñase o presente Convenio, por duplicado, no lugar e data arriba indicado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA, EMPRENDEMENTO, EMPREGO, TURISMO E MAR, na sesión ordinaria do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

3 APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DE CATRO LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER TAXI NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA)

O concello ten unha gran carencia no servizo de taxi, en xullo de 2023 iniciou expediente para licitar novas licenzas, que foron autorizadas pola Servicio de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Para a prestación deste servizo ao público é condición indispensable estar en posesión da correspondente licenza da entidade local e autorización interurbanas .

O concello de Rianxo dispón de 11 licencias :

- 9 vacantes das que 2 están en suspensión ao non ter titular, ou haber cesado a actividade o que a viña desenvolvendo.

-2 licencias activas

O Concello de Rianxo procedeu a realizar unha tarefa de regularización das licenzas do servizo de auto-turismo, consistente en:

- 1º.- revogando aquelas non activas (principalmente por falecemento do seu titular ou xubilación);
- 2º.- supresión daquelas que xa estando revogadas ou vacantes e excedían do continxente que por poboación correspondía a este municipio;
- 3º.- renumerando as restantes de xeito que as que dispoñían de titular tiveran os primeiros números.

Con data 04/07/2023 solicitoulle informe preceptivo a Xunta de Galicia o abeiro da artigo 8 do Real Decreto 103/2018 polo que se aproba o Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte público de persoas en vehículos turísticos de Galicia.

Con data 28/08/2023 Servicio de Mobilidade da Consellería de Infraestructuras e Mobilidade emite informe favorable o outorgamento de 5 licencias e autorización interurbanas no Concello de Rianxo,

Na memoria remitida indicábase que os criterios de adxudicación serían :

- A antigüidade como condutor ou condutora de taxi
- Maior canon ofertado
- Vehículo de turismo adscrito ao servizo adaptado ó transporte de persoas con mobilidade reducida.
- Vehículo eléctrico ou híbrido
- Vehículo de 7 prazas ou mais

Consta no expediente pregos que rexerán a adxudicación así como informe de secretaria de 21 de setembro de 2023,

Con data 20 de novembro dítase providencia de alcaldía establecendo a licitación de 4 licenzas de taxi, e modificando a ponderación dos criterios de adxudicación para favorecer que se presenten vehículos adaptados ao servizo de persoas con mobilidade reducida, e que contén cun maior número de prazas, para fomentar o vehículo de uso compartido, quedando os criterios tal e como se indican a continuación:

- A antigüidade como condutor ou condutora de taxi (Até 2 puntos).
- Maior canon ofertado (Até 5 puntos de incremento sobre o tipo de licitación).
- Vehículo de turismo adscrito ao servizo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida. (Este criterio de 5 puntos) .
- Vehículo eléctrico ou híbrido (Este criterio de 1 punto)
- Vehículo de 7 prazas ou mais (Este criterio de 2 punto)

Sendo de competencia plenaria a determinación da forma de prestación dun servizo, aínda que sexa impropio ou virtual, estímase que tamén a este órgano lle compete a aprobación dos pregos que rexerán a adxudicación das licenzas e permitan o seu funcionamento. Isto sen prexuízo de que se delegue a adxudicación das licenzas na alcaldía, segundo a proposta da mesa de contratación e posterior recepción da documentación para a adxudicación. Delegación que se efectuará neste acto.

Velaí que se someta ao pleno corporativo a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro: Incoar o expediente e aprobar os seguintes pregos para a adxudicación en concorrencia de 4 licenzas de auto-turismo para a prestación do dito servizo de vehículos de aluguer por procedemento aberto e concurso, das cales alomenos unha das licenzas debe ser cuberta con un vehículo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida. No caso de que non se presente ningunha proposición acreditando a disposición dun vehículo adaptado, o concello de conformidade co disposto no artigo 8 do Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, o concello esixirá ás últimas licenzas que se concedan que o seu autotaxi sexa accesible.

Segundo: Dispoñer a apertura do procedemento e con ilo o prazo de presentación de proposicións por 20 días dende o día seguinte á súa publicación no BOP da Coruña. Sen perxuízo de que se publiquen na sede electrónica do Concello e na páxina web un anuncio. Asemade comunicarse á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis para a presentación de posibles alegacións nun prazo de 15 días.

Terceiro: Unha vez transcorrido o prazo para presentación de proposicións, procederase á apertura das plicas pola mesa de contratación, chegado o caso, emenda da documentación e posterior avaliación dos que resulten admitidos. Unha vez avaliados os solicitantes, ordenaranse de xeito decrecente por puntuación e formularase proposta pola Mesa de contratación á Alcaldía – órgano no que este Pleno efectúa delegación para este expediente e atribución concreta – en favor dos licitadores con mellor oferta.

Cuarto.- Con carácter previo á resolución do concurso, emitirase proposta de resolución e remitirá esta, xunto con todo o expediente, ao órgano competente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transporte, para que emita informe sobre a concorrencia das esixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana.

O informe terá carácter vinculante e deberá emitirse no prazo máximo de tres meses.

No caso de que o referido informe teña carácter desfavorable, o concello deberá ditar una resolución desestimatoria da solicitude formulada, e notificarallo á persoa interesada.

Se, pola contra, o informe fose favorable, o concello completará o procedemento, esixindo da

persoa interesada a achega daquela documentación complementaria da inicialmente achegada que resulte precisa para resolver, tales como a acreditación da titularidade e disposición efectiva do vehículo, a xustificación da existencia dun seguro suficiente xa en vigor, ou a situación de alta efectiva da actividade económica e na Seguridade Social.

Feito isto, e agás que desta documentación se deduza a imposibilidade de prestar o servizo, ditará una resolución favorable á petición da persoa interesada.

Quinto: A resolución da adxudicación corresponderalle ao pleno a non ser que este expresamente delegue dita facultade, e a resolución da licenza de Taxi seralle notificada as propostas, con indicación de que a súa eficacia está condicionada á resolución favorable da Administración autonómica, e inscribírase no Rexistro de Títulos Habilitantes.

Sexto: Comunicarase á Asociación provincial do sector ou Federación Galega de Taxis, copia deste acordo .

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ A ADXUDICACIÓN DE CATRO- LICENZAS DE AUTO-TURISMO PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE VEHICULOS DE ALUGUER NO CONCELLO DE RIANXO (A CORUÑA)

PRIMEIRA.-Obxecto do contrato.

Constitúe o obxecto do presente prego a adxudicación en réxime de concorrencia de CATRO licenzas de autoturismo para o municipio de Rianxo, de conformidade coa Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres, o Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres e o Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos de transporte en automóviles lixeiros, Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, Decreto 103/2018, de 13 de setembro, por el que se aproba el Regulamento da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia. ordenanza municipal reguladora do servizo publicada no BOP nº 50, do 13 de marzo de 2012, e demais normativa aplicable.

Ilo sen prexuízo das autorizacións que os adxudicatarios poden obter para a prestación do servizo interurbano polo órgano autonómico competente dentro do continxente que sexa autorizado. Dacordo co disposto no artigo 15 da Lei 4/2013

Alomenos unha das licenzas debe ser cuberta con un vehículo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida. No caso de que non se presente ningunha proposición acreditando a disposición dun vehículo adaptado, o concello de conformidade co disposto no artigo 8 do Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, o concello esixirá ás últimas licenzas que se concedan que o seu autotaxi sexa accesible.

SEGUNDA.-Procedemento de adxudicación.

A forma de adxudicación da licenza de autoturismo será o procedemento aberto mediante concurso, no que todo interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación, rexéndose o proceso de conformidade cos presentes pregos e supletoriamente no non recollido aplicarase a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se transpoñen al ordenamento xurídico español las Directivas del Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 201

TERCEIRA.-Natureza da relación contractual.

A natureza da relación que vinculará ao adxudicatario coa licenzas de autoturismo co Concello de Rianxo, será a propia dun servizo de interese público obxecto de intervención administrativa mediante licenza regulado polo artigo 1 e seguintes do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado polo Decreto do 17 de xuño de 1955. Asi como no disposto no artigo 4 e ss da Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia.

CUARTA.-Duración da relación contractual.

As licenzas outorgaranse sen prazo de duración prefixado, aínda que a súa validez estará condicionada ao seu visado periódico de acordo co establecido no artigo 18 da Lei 4/2013. A duración da concesión da licenza de autoturismo estipúlase INDEFINIDA, agás renuncia expresa do seu titular ou cando conorra algunha das causas que, contempladas nestes pregos ou na lexislación aplicable, dean lugar á retirada, caducidade ou revogación da licenza, por incumprimento, ademais do suposto de transmisión desta polo titular nos casos previstos no art12 Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia

QUINTA.- Tipo de licitación

O tipo mínimo de licitación fixada para a concesión da licenza será de 2.000,00 €

As proposicións dos licitadores/as que ofrezan unha cantidade inferior á establecida como tipo mínimo de licitación, serán automaticamente rexeitadas.

SEXTA.- -Condições de participación.

1. Serán requisitos para a presentación de proposicións polos interesados cumprir os requisitos do artigo 5 da lei 4/2013 :

a) Ter nacionalidade española o dun Estado membro da Unión Europea ou de outro país extranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados o convenios internacionais suscritos por España, non sea esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido ou compromiso de adquisición antes da adxudicación.

c) No caso de que se ofrezca un vehículo da categoría de turismo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida, deberá aterse á configuración propia dos vehículos desta tipoloxía, regulada no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos

de transporte para persoas con discapacidade, e máis concretamente ao establecido no seu Anexo VII, así como polo disposto na Norma UNE 26.494 e as súas posteriores modificacións.

c) Declaración de acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para la realización del transporte que sexan esixibles por la normativa vixente.

d) Dispoñer da capacitación profesional que reglamentariamente se establece para prestar servizos de taxi.

e) Declaración de asumir compromiso de ter cuberta a responsabilidade civil por los danos que puideran ocasionarse na prestación do servizo, según o disposto na normativa vixente

f) Declaración de non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.

g) Declaración de non encontrarse incurso en ningunha das prohibicións para contratar conforme ao artigo 71 LCSP

h) Non ser titular doutra licenza de auto-turismo neste concello nin en outro concello (limitación artigo 9 da lei 4/2013)

i) Compromiso de dedicación exclusiva a dedicación da actividade de taxista

j) Non haber efectuado transmisión de licencia nos 5 anos inmediatamente anteriores.

2. Deberán, así mesmo, acreditarse polos solicitantes as condicións recollidas no artigo 28 do Decreto 103/2018 e na lei 4/2013 No tocante ao vehículo:

1. 1. Comprometerse en caso de resultar adxudicatarios a acreditar a **titularidade dun vehículo de turismo** en calquera réxime de utilización xuridicamente válido, indicando modelo características técnicas do vehículo que se adscriba o servizo.
2. No caso de que se ofrezca un **vehículo de turismo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida**, deberá a terse á configuración propia dos vehículos desta tipoloxía, regulada no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, e máis concretamente ao establecido no seu Anexo VII, así como polo disposto na Norma UNE 26.494 e as súas posteriores modificacións.
3. 2. Os vehículos deberán estar debidamente **matriculados** e habilitados para circular, e ter ao día a **última inspección técnica periódica** que legalmente lles corresponda.
4. 3. O **número de prazos** dos vehículos destinados ao servizo de taxi deberá axustarse ao disposto no artigo 25 da Lei 4/2013, do 30 de maio, é dicir, con carácter xeral os vehículos terán unha capacidade **mínima de cinco** e máxima de ata sete prazos, incluída a persoa condutora. Non obstante, autorizaranse vehículos de ata nove prazos, incluída a da persoa condutora, cando ditos vehículos estean adaptados ao transporte dunha ou máis persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas.

5. Para o cómputo desas prazas, ademais da correspondente á persoa condutora, só se terán en conta aquelas que resulten aptas para que as utilice calquera persoa usuaria. Quedarán, deste xeito, excluídas aquelas que teñan unhas dimensións reducidas en relación co resto de prazas do vehículo.

SÉTIMA.-Presentación de proposicións.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha proposición e para a obtención dunha única licenza.

A presentación de proposicións leva implícito a aceptación polo licitador destas bases.

OITAVA.-Lugar, prazo e forma de presentación de proposicións.

1. As proposicións deberán ser presentadas ou remitidas ao Rexistro Xeral do Concello de Rianxo, Praza de Castelao, nº 1, 15920 Rianxo.

2. As proposicións deberán ser presentadas no prazo de 20 días dende o día seguinte ó de publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Sen prexuízo de que se publiquen na sede electrónica do Concello e na páxina web un anuncio .

3. As proposicións poderán presentarse por correos. Neste último caso, o licitador/a deberá xustificala data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano a remisión da oferta mediante fax ou telegrama. Sen estes requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Non obstante, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen que se recibira a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

NOVENA.-Contido das proposicións e documentación.

Os/as licitadores deberán presentar as súas proposicións en dous sobres pechados e no seu exterior figurarán as lendas: "sobre A" e "sobre B". En cada sobre deberá indicarse "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO (TAXI) NO CONCELLO DE RIANXO", debendo identificarse o sobre, nome e apelidos/ razón social, número do D.N.I./ NIF e sinatura da persoa que presenta a proposición (en nome propio ou como apoderado).

Contido dos sobres:

Sobre A: DOCUMENTACIÓN

1. Os licitadores incluírán neste sobre a seguinte documentación (ANEXO I)

1. Identificación da persoa que presenta a proposición en nome propio ou como apoderado. (DNI, NIE, NIF,...)
2. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 71 Lei de contratos do sector público. Esta declaración deberá incluír expresamente a circunstancia de acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias máis da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se esixa antes da adxudicación ó que vaia resultar adxudicatario do contrato.

3. Permiso de condución
4. Declaración xurada acreditativa dos extremos aos que se refiren os apartados da cláusula SEXTA.(ANEXO I
5. Compromiso segundo o que o licitador:
 - ✓ Explotará a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.
 - ✓ Dispón dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para na cláusula 5.2
 - ✓ Concertará unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.
6. Numero de fax ou correo electrónico para comunicacións.

Debera indicarse para o fin de emenda da documentación, xa que logo de non facilitalo pode resultar imposible de cumprir vía correos cara o cumprimento da obriga legal de apertura do sobre B en 7 días naturais dende a apertura do sobre A.

2. Non se recollerá no sobre A ningunha referencia aos criterios de adxudicación (oferta económica ou o feito de que o vehículo sexa adaptado ou que é un conductor asalariado) posto que será motivo de exclusión.

Sobre B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA e OUTROS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Conterá unha soa proposición económica, asinada polo concursante/a ou persoa que o represente, Así mesmo incluírase neste sobre a documentación relativa aos demais criterios de adxudicación que se indican na cláusula seguinte, redactada conforme ó modelo que figura como anexo II destes pregos.

DÉCIMA.–Criterios de adxudicación.

Para a adxudicación licenzas valoraranse os seguintes criterios, co conseguente baremo, sendo o máximo a alcanzar 15 puntos:

- Acreditar a titularidade dun vehículo de turismo adaptado (5 puntos)
- Oferta económica: (1 punto por cada 500 euros de incremento sobre o tipo de licitación, que se fixa en 2.000€. Até un máximo de 5 puntos).
- Vehículo eléctrico ou híbrido (1 puntos)
- Vehículo de 7 prazas ou mais (2 puntos)
- A antigüidade como condutor ou condutora de taxi (0.2 por cada ano de servizo; Até un máximo de 2 puntos).

No caso de condutores que aleguen a súa condición de asalariados achegarán:

- ✓ Permiso municipal de condutor para servizos de auto-turismo.
- ✓ Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- ✓ Certificado de vida laboral completo.

No caso de empate na puntuación total dirimirase este a favor do licitador que sexa condutor asalariado con mais dun ano de experiencia; de ser varios en tal condición, en favor do que acredite maior antigüidade. De persistir o empate, realizarase un sorteo entre os empatados para dirimir este.

En calquera caso, elaborárase un listado de todos os interesados excluídos indicando os motivos, e dos admitidos, que unha vez avaliados serán ordenados en atención á puntuación obtida de maior a menor e de haber empate indicárase o criterio polo que se outorga a prelación. Non servirá en ningún caso de lista de reserva unha vez determinados os de maior puntuación que se corresponda co número de licenzas ofertadas.

UNDÉCIMA.-Apertura de proposicións e clasificacións de ofertas.

A mesa de contratación que se recolle no anexo III cualificará previamente os documentos presentados polos licitadores no sobre A, en tempo e forma, unha vez rematado o prazo de presentación das solicitudes.-

Se a mesa, achase erros materiais na documentación presentada poderá conceder, se así o estimase, un prazo máximo de tres días naturais para a súa emenda, o que será comunicado por fax ou correo electrónico que sexa facilitado polo interesado. Aquelas ofertas con documentación defectuosa, entendendo por tal a non presentación de algún dos documentos esixidos ou a presentación dos mesmos en forma distinta a esixida dará lugar á non admisión pola mesa de contratación, rexeitando a proposición sen que se abran o resto dos sobres aportados polo licitador.

A mesa poderá previamente, de ser preciso, solicitar cantos informes técnicos considere e se relacionen co obxecto do concurso.

A mesa de contratación elaborará un listado de licitantes admitidos/as e dos excluídos motivadamente do que dará conta na mesa para a apertura do sobre B.

Unha vez cualificada a documentación administrativa presentada, e emendada no seu caso, procederase, en acto público e nun prazo non superior a sete días naturais que se contarán dende a apertura da documentación, á apertura dos sobres B) " oferta económica e documentación cos demais criterios de adxudicación" e a súa valoración, de acordo cos criterios establecidos neste prego. O acto público se celebrará no lugar, data e hora que se sinalen no taboleiro de anuncios do Concello ou no perfil do contratante.

Co mesmo realizará a correspondente proposta de adxudicación ao órgano de contratación.

A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adxudique o concurso de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

DÉCIMO SEGUNDA.-Garantías.

O órgano de contratación atendendo á natureza do contrato exixe da prestación da garantía definitiva posto que cada licitador adxudicatario debe aboar o importe económico ofertado con carácter previo ao comezo do servizo.

DÉCIMO TERCEIRA.-Gastos.

O adxudicatario exímese do pago dos anuncios de licitación,

DÉCIMO CUARTA.-Adjudicación e órgano competente. Publicación e notificación.

1. Clasificadas por orde decrecente pola mesa de contratación as proposicións presentadas conforme aos criterios de adjudicación sinalados neste prego, podendo solicitar para elo cantos informes técnicos estime pertinentes, a Alcaldía (por delegación do Pleno) requirirá aos 5 licitadores que presentaran a oferta en conxunto máis vantaxosa para que dentro do prazo de 20 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que reciban o requirimento, acheguen polo Rexistro do Concello de Rianxo:

- A documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e Concello de Rianxo, e da Seguridade Social.
- A comunicación da marca, modelo e características do vehículo asignado á prestación do servizo e indicación do réxime de disposición (titularidade, arrendamento ou outros) mediante a presentación da documentación do vehículo en cuestión.

No caso de que o vehículo asignado sexa adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida, deberá aterse á configuración propia dos vehículos desta tipoloxía, regulada no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, e máis concretamente ao establecido no seu Anexo VII, así como

- No caso de que ningún dos licitadores asigne ao servizo un vehículo adaptado, o concello de conformidade co disposto no artigo 8 do Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, esixirá que o vehículo asignado sexa accesible.
- Borrador da póliza para a cobertura da responsabilidade civil ilimitado polos danos que se puideran ocasionar.
- Abono mediante transferencia na conta municipal que se indique do importe ofertado na proposición.

2. De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

3. O órgano de contratación deberá antes de adjudicar conforme dispón o artigo 10 do Decreto 103/2018, remitir unha memoria sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular do título habilitante que a promotora someta a informe da Administración autonómica que valorará o cumprimento dos requisitos para a obtención da licencia recollendo como mínimo:

a) nome e apelidos, numero de documento nacional de identidade e ou documento equivalente sa persoa proposta para ser adjudicataria de cada unha das licencias.

b)Indicación de si ditas persoas son titulares de outras licencias no mesmo concello e identificación destas, en su caso.

c) Indicación de si as persoas propostas acreditaron o cumprimento dos requisitos exixidos nos pregos para ser adxudicatarias.

d) Constancia de que las persoas propostas non efectuaron a transmisión de outra licenza nos cinco anos inmediatamente anteriores.

e) Indicación do modelo e características técnicas del vehículo o vehículos que se adscribirán a prestación do servizo.

f) Aqueles outros que, en su caso, se poidan establecer mediante orden de la persoa titular de la consellería competente en materia de transportes.

O informe vinculante sobre o cumprimento dos requisitos para poder ser titular de título habilitante deberá ser ditado no prazo máximo de tres meses desde su recepción.

No caso de que o informe ao que se refire o número anterior sexa contrario á adxudicación dunha ou de varias das persoas licitadoras propostas, o concello efectuará unha nova valoración, de modo congruente co disposto no informe. Unha vez completada, remitirase novamente a proposta o órgano autonómico competente para que emita un novo informe vinculante no prazo de tres meses.

En caso de que non concorra ningún licitador que reúna os requisitos exixidos, o concurso quedará deserto. De constatarse este extremo polo concello non será necesario solicitar o informe vinculante da Administración autonómica o concurso dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

4. Posteriormente o concello procederá a adxudicar polo órgano de contratación as licencias de taxi. A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarse no perfil do contratante e no BOP.

DÉCIMO QUINTA.–Comezo da prestación do servizo.

O concesionario/a da licenza de autoturismo, deberá iniciar a prestación nun prazo máximo de 60 días naturais dende a data da notificación da concesión da licenza, trala aportación correcta da documentación para a adxudicación.

Unha vez resulten adxudicatarios do servizo os vehículos adscritos ao servizo deben cumprir o disposto na normativa vixente .

6. Os vehículos destinados a prestar servizos de taxi deberán estar clasificados na súa **tarxeta de inspección técnica no grupo axeitado para tal fin**, e reunirán, en todo caso, as seguintes características mínimas:

7. a) Dimensións mínimas e características do interior do vehículo e dos asentos que sexan precisas para proporcionarlle ás persoas usuarias a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo. Deberán contar cun mínimo de catro portas e unha capacidade de maleteiro non inferior a 330 litros, a cal se deberá alcanzar coa configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizada nos títulos habilitantes;

8. No caso de que se trate dun vehículo da categoría de turismo adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida, deberá aterse á configuración propia dos vehículos desta tipoloxía, regulada no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro,

polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, e máis concretamente ao establecido no seu Anexo VII, así como polo disposto na Norma UNE 26.494 e as súas posteriores modificacións.

9. Para os efectos do artigo 25.3 da Lei 4/2013, do 30 de maio, entenderase que o maleteiro é totalmente independente e diferenciado cando estea separado do habitáculo destinado a transportar a pasaxe por elementos físicos fixos, xa sexan permanentes ou removibles, que impidan o corremento de vultos entre ambos os dous durante a marcha. Non obstante o anterior, para o cómputo da capacidade do maleteiro terase en conta aquela que figure como oficial na ficha técnica ou que sexa certificada expresamente polo concesionario oficial para a configuración de asentos e prazas máximas que teña autorizados nos títulos habilitantes, ou aquela que expresamente certifique ou informe o fabricante ou concesionario oficial, tomando como base da dita medición o espazo comprendido entre o respaldo da última fila de asentos, os repousacabezas da dita fila e a porta traseira do vehículo. Na certificación ou informe emitido polo fabricante ou concesionario oficial, deberá facerse constar que todas as prazas son aptas para que as utilicen as persoas usuarias do servizo e que ningunha delas ten dimensións reducidas en relación co resto das prazas.
10. b) Dispositivos de calefacción e aire acondicionado en correcto estado de funcionamento.
11. c) Pintura, distintivos e equipamentos que sexan exixidos regulamentariamente para unificar a imaxe do servizo de taxi na comunidade autónoma, así como, na súa falta, na licenza.
12. d) Placa de servizo público, ou «SP», visible, que irá instalada na parte dianteira e traseira dos vehículos.
13. e) Demais características, incluídas as relativas á accesibilidade, condicións de limpeza ou instalación de dispositivos de seguraza ou de comunicación que o órgano competente regule nas súas ordenanzas e que vaian dirixidas a garantir unha axeitada prestación do servizo.
14. 2. Os vehículos non poderán ter unha antigüidade superior a dous anos, contados desde a súa primeira matriculación, no momento de adscribírense aos títulos habilitantes, agás no suposto de transmisión ou cando con antelación xa estivesen adscritos a outros títulos habilitantes. Así mesmo, os vehículos adscritos aos títulos habilitantes non poderán ter unha antigüidade superior a doce anos, contados desde a súa primeira matriculación, para concellos de ata 20.000 habitantes ou para aqueles vehículos que teñan a condición de adaptados, ou a dez, computados do mesmo xeito, para concellos de máis de 20.000 habitantes. En caso de que o vehículo acade as ditas antigüidades sen ser substituído por outro, declararase a caducidade dos correspondentes títulos habilitantes. No caso de substitución, o novo vehículo deberá ter unha antigüidade inferior á do vehículo substituído, e ter en todo caso menos de 4 anos.

15. 3. Os vehículos de máis de 7 prazas que, de conformidade co artigo 25.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio, se autoricen a partir da aprobación deste regulamento, deberán incorporar unha praza para o traslado de persoas en cadeira de rodas

DÉCIMO SEXTA.-Requisitos a cumprir polos titulares da licenza de auto-turismo

1. O/a concesionario/a das novas licenzas de autoturismo, antes do inicio da prestación do servizo, deberá acreditar o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Acreditación do pagamento na Tesourería Municipal do importe da adxudicación.
- Acreditación da disposición do vehículo que se vai a adscribir o servizo de auto-turismo, e de que o mesmo cumpre os requirimentos técnicos que sexan esixidos pola normativa vixente
- Acreditación da disposición dun vehículo que está adaptado ao transporte de persoas con mobilidade reducida, e de que o mesmo cumpre os requirimentos técnicos que sexan esixidos pola normativa vixente, cando así o houbera ofrecido ou no caso de que o esixa o Concello para dar cumprimento ao establecido no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade.
- Presentación da copia de póliza de responsabilidade civil que cubra os danos e prexuízos que se poidan ocasionar ós usuarios con ocasión do servizo de transporte que realicen. Será tamén obrigatorio presentar copia da póliza de seguros que cubra tódolos demais riscos ós que obriga a lexislación específica.
- Estar en posesión do permiso de condutor.

2. O incumprimento de calquera destes requisitos por parte do concesionario determinara a anulación da adxudicación, podendo a Alcaldía, por delegación plenaria, proceder a unha nova adxudicación ao seguinte candidato por orden de puntuación no concurso.

DÉCIMO SÉTIMA.-Dereitos e obrigas do titular da licencia.

Os dereitos e obrigacións do titular da licenza son os que nacen deste prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo municipio, así como os derivados da Lexislación aplicable, así como da ordenanza municipal reguladora do servizo.

DÉCIMO OITAVA.-Recursos administrativos e xurisdicionais.

Os acordos correspondentes do órgano de contratación, ou órgano en quen delegue, porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

Contra os mesmos pode interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora de dita xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados a partir da notificación do acordo (artigos 109 e 118 da LRXAP e artigo 46 da LXC).

ANEXO I (A introducir no SOBRE A: "CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO")

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE ADJUDICACIÓN DE LICENZAS DE AUTOTURISMO DO CONCELLO DE RIANXO 2023

Nota: non efectuar neste documento nin noutro incluído no sobre A ningunha referencia ao contido do sobre B xa que logo o licitador será excluído, posto que non se tratara xa dunha proposición secreta ata a apertura do sobre B.

D _____, con DNI / NIF/ NIE
nº _____ con domicilio en
_____, coñecedor da
convocatoria pública para adxudicación de licencias de auto-turismo, para a prestación do servizo de vehículos de aluguer sen aparello taxímetro, **SOLICITA** participar nesta convocatoria e ademais:

A) Declara que cumpre todas as condicións establecidas nesta e afirma:

- Non haber sido sancionado con anterioridade por falta cualificada grave ou moi grave.
- Non ser titular doutra licenza de auto-turismo ou telo sido nos 10 anos anteriores e ser obxecto de revogación ou caducidade.
- Non estar incurso en ningunha das prohibición establecidas no artigo 71 LCSP e acharse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, Comunidade Autónoma e facenda municipal e para coa Seguridade Social, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito, se efectúe antes da adxudicación de resultar un dos adxudicatarios do contrato.
- Dispoñer da capacitación profesional que reglamentariamente se establece para prestar servizos de taxi.
- Non ser titular doutra licenza de auto-turismo neste concello nin en outro concello (limitación artigo 9 da lei 4/2013)
- Non haber efectuado transmisión de licencia nos 5 anos inmediatamente anteriores.

B) Comprométese, de resultar adxudicatario dunha das licenzas:

- ✓ Explotar a licenza persoalmente, en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión, conforme ó modelo que se achega como anexo II destas bases.
- ✓ Dispoñer dun vehículo da categoría de turismo que cumpra o esixido para a prestación deste servizo en titularidade no prazo de 30 días contados dende a data de adxudicación definitiva, e que a súa capacidade se axuste ao establecido no artigo 25 da lei 4/2013 de

30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia, é dicir que teña unha capacidade mínima de cinco e máxima de ata sete prazas, incluída a persoa condutora. Con todo, autorizaranse vehículos de ata nove prazas, incluída a da persoa condutora, cando devanditos vehículos estean adaptados para o transporte dunha ou máis persoas con mobilidade reducida en cadeira de rodas.

- ✓ Dispoñer, no caso de habelo asignado ao servizo, ou no caso de que o Concello o esixa para dar cumprimento ao establecido no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, dun vehículo de categoría de turismo adaptado que cumpre co establecido no Real Decreto 1544/2007 de 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas con discapacidade, e máis concretamente ao establecido no seu Anexo VII, así como polo disposto na Norma UNE 26.494 e as súas posteriores modificacións,
- ✓ Dispoñer dun vehículo de categoría de turismo cunha antigüidade non superior a dous anos dende a primeira matriculación.
- ✓ Concertar unha póliza de responsabilidade civil ilimitada polos danos que se causen con ocasión do transporte.
- ✓ A cumprir todos os requisitos previstos na lexislación en vigor

C) Achego para tal fin a **DOCUMENTACIÓN** que indico de seguido:

- Documento de identificación (DNI, NIF, NIE...)
- Permiso de conducción ou certificado da súa posesión.

Para emenda de documentación poderán remitila polo seguinte medio (imprescindible a indicar):

- ✓ nº fax:.....
- ✓ correo electrónico:.....

.....de.....de.....

O interesado

D/Dª..... (sinatura)

ANEXO II(a figurar no interior do SOBRE B “CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE LICENZA DE AUTOTURISMO NO CONCELLO DE RIANXO”)

MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS

D./Dna., con enderezo en..... e

provisto do D.N.I./NIF/ NIE núm.en nome propio ou en representación de
....., con enderezo en
....., Tlfon. e NIF,
enterado das bases do concurso público para a concesión de licenzas de auto-turismo para a prestación do servizo de vehículos de aluguer con condutor do Concello de Rianxo, toma parte no concurso para a adxudicación da licenza, e a estes efectos fai constar:

1ª.- Que coñece e acepta cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares do presente concurso.

2ª.- Que oferta a cantidade que se indica pola concesión dunha licenza de auto- turismo con carácter indefinido: (Non poderá ser inferior á cantidade de 2.000 €, ao ser o tipo mínimo de licitación, de ser inferior será excluído):

.....euros (.....€) O primeiro en letra o segundo en número. No caso de contradición entre a cantidade en letra e máis no numero, darase validez á expresada en letra.(1 punto por cada 500 euros, a partir do tipo mínimo que está fixado en 2.000 €; e até un máximo de 5 puntos)

3ª.- Compromiso de aportación dun vehículo adaptado para persoas con discapacidade cunha antigüidade non inferior a dous anos dende a data da primeira inmatriculación:

Si _ NON _ (5 puntos)

(De efectuar o dito compromiso e logo non aportalo acepto que non se me adxudique ningunha licenza aínda que queden vacantes.)

4ª Condición de condutor asalariado SI_ NON_ (Até 2 puntos)

Sendo afirmativo achego xunto coa presente para acreditarlo:

- ✓ Permiso de condutor para servizos de auto-turismo.
- ✓ Certificado acreditativo dos titulares cos que prestara servizos, con indicación das datas de altas e baixas.
- ✓ Certificado de vida laboral completo.

5ª Compromiso de aportación dun vehículo eléctrico ou híbrido: Si _ NON _ (1 punto)

6ª.- Compromiso de aportación dun vehículo de máis de 7 prazos: Si _ NON _ (2 puntos)

En, a de

Sinatura do licitador/a.

ANEXO III: MESA DE ADXUDICACIÓN LICENCIAS AUTO-TURISMO

Para a presente Convocatoria, estará composta por:

- Presidente: Alcalde ou Concelleiro Delegado
- Secretario: Técnico Administración xeral ou no seu defecto, funcionaria auxiliar administrativa
- Vogais:

- Secretaria Municipal.
- Interventor/a Municipal.
- Xefe da Policía Local ou policía en quen delegue.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, na sesión ordinaria do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

PARTE DE CONTROL

4 MOCIÓN DO BNG E DO PSOE RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE IMPULSAR COMPROMISOS ECONÓMICOS E ORZAMENTARIOS PARA GARANTIR A ATENCIÓN Á VIOLENCIA MACHISTA

Dáse lectura da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), xunto co Grupo Municipal Socialista do Concello de Rianxo, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

Exposición de motivos do BNG:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións.

Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.

O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022)

da Fiscalía de Galiza recóñllese máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

Exposición de motivos do PSOE:

A violencia é a consecuencia máis terrible das desigualdades que sofren as mulleres no mundo. Segundo ONU Mulleres, o 30% das mulleres de 15 anos ou máis foron vítimas de violencia física ou sexual polo menos unha vez na vida.

En España, segundo a última macroenquisa de violencia contra a muller, 1 de cada 2 mulleres sufriu algún tipo de violencia por razón de xénero. A violencia de xénero non é só unha violación dos dereitos humanos, senón que constitúe un serio obstáculo para o desenvolvemento dunha democracia plena dado que a igualdade entre mulleres e homes está no corazón mesmo de calquera forma de sociedade libre; é condición sine qua non para alcanzar comunidades igualitarias.

Ao longo da historia a violencia exercida contra as mulleres foi obxecto de nomeamentos que ocultaban as súas causas reais. Dende a extrema dereita española sigue facéndose, e o máis grave é que as súas teses xa se están poñendo en práctica nas institucións, en concellos e comunidades autónomas.

Este fenómeno, lonxe de ser superficial ou individualizable, forma parte de todo un sistema, o patriarcal, que afunde as súas raíces no máis profundo da nosa historia e que ao longo de séculos mantivo a desigualdade das mulleres como forma de dominación, explotación e

subordinación.

A Lei Orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero marca un punto de inflexión en España, por canto que define de maneira precisa a natureza e características da violencia de xénero, diferenciándoa do resto de formas de violencia igualmente execrables, prodúzanse tanto no ámbito privado como no ámbito público.

A aprobación do Pacto de estado contra a violencia de xénero en decembro de 2017 por parte de grupos parlamentarios, comunidades autónomas e entidades locais supuxo un novo gran fito para a visibilidade da violencia de xénero, así como para a mobilización de recursos, accións coordinadas e capacidades para facerlle fronte.

Con todo, e a pesar das melloras que trouxeron estes avances, os datos seguen sendo atronadores. Desde o 1 de xaneiro de 2003, data na que se empezaron a contabilizar as mulleres asasinadas vítimas de violencia xénero, foron asasinadas en España 1.237 mulleres. Este ano 2023 está a ser especialmente grave con 52 mulleres asasinadas no noso país, 2 en Galicia. O asasinato é a expresión máis dramática da violencia contra as mulleres, pero as mulleres sofren cada día diferentes formas de violencia machista.

Se a Lei Orgánica 1/2004 supuxo que a violencia contra as mulleres deixase de ser un delito invisible, a Lei Orgánica 10/22 de garantía da liberdade sexual supuxo un novo progreso, porque xera unha nova arquitectura legal que protexe de maneira transversal da violencia sexual. Igualmente, o PSOE iniciou o traballo para combater de forma efectiva todas as caras do proxenetismo: non podemos esquecer que a explotación sexual é unha das formas máis brutais de violencia contra as mulleres.

O que non se ve, non existe e dar visibilidade á violencia de xénero non é un xesto, non é unha imaxe, é unha mensaxe ás vítimas, aos agresores e ao conxunto da sociedade.

A violencia sexual é unha forma de violencia machista iceberg, menos do 10% das mulleres que sufriron violencia sexual denunciaron ante a policía ou nun xulgado sendo os principais motivos a vergoña e o medo a non ser crida.

Expertos e expertas alertan dos riscos que o fácil, e non sempre intencionado, acceso dos menores a unha pornografía violenta entraña para a educación afectivo-sexual destes nenos e adolescentes e os efectos que ten nas relacións cos seus pares nenas e adolescentes. As tecnoloxías, a pesar da súa enorme contribución ao progreso, rebeláronse tamén como unha nova e potente ferramenta de violencia contra as mulleres, particularmente as máis novas.

Nun Estudo da Fundación ANAR (Ayuda a Niños/as y Adolescentes en Riesgo) sobre a evolución da Violencia contra as Mulleres na infancia e na adolescencia en España (2018-2022), segundo a

súa propia testemuña, as TICs aparecen implicadas en algo máis dun terzo dos casos de violencia contra as nenas ou adolescentes (39,3%).

Sinalan que o que incide no aumento de casos de violencia de xénero en adolescentes son, por unha banda, o fácil acceso á pornografía na que se presentan modelos de relacións de parella violentos, e por outra, unha menor conciencia de desigualdade entre homes e mulleres por parte das adolescentese unha maior sexualización da infancia con modelos infantís de referencia con respecto a comportamentos adultos cada vez a idades máis temperás. No ano 2022 en Galicia incrementáronse nun 12 % as denuncias por violencia machista, segundo a memoria anual da actividade xudicial dos tribunais e xulgados galegos, que deixa datos aterradores: as audiencias galegas xulgaron en 2022 dúas persoas á semana por delitos sexuais, o 65,6 % das 93 denunciadas eran menores de idade e na maioría dos casos tiñan relación previa cos acusados, cos cales case sempre formaban parte do seu círculo familiar.

Na presentación deste documento o presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia alertaba de que aínda que o aumento de denuncias significa que existe unha maior concienciación social, ese incremento "demostra unha violencia oculta, para o que é necesario unha transformación real" no ámbito educativo, laboral ou familiar. Como exemplo, aludía ao 20 % dos menores que negan a existencia da violencia de xénero.

Os datos dos xulgados galegos van en consonancia cos arroxados polo Ministerio de Interior no seu balance de criminalidade do primeiro trimestre do ano 2023, que reflicte que os delitos contra a liberdade sexual creceron en Galicia case un 30%. Todas as voces expertas apuntan en efecto a perda do medo a denunciar como factor para explicar este incremento (a pesar de que se supón que só se denuncia o 2 % das agresións sexuais), pero advirten dunha nova peculiaridade como é que eses delitos cada vez en maior medida os cometan menores.

Ese incremento entre a xuventude está moi relacionado co libre acceso a contidos dixitais de pornografía baseados na violencia sexual contra as mulleres así como na grave carencia de formación en materia sexual. Destes aspectos preocupouse a Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual, que no capítulo I de Medidas de prevención e sensibilización incorpora:

Artigo 7. Prevención e sensibilización no ámbito educativo.

1. O sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade, a integración de contidos baseados na coeducación e na pedagogía feminista sobre educación sexual e igualdade de xénero e educación afectivo-sexual para o alumnado, apropiados en función da idade, en todos os niveis educativos e coas adaptacións e apoios necesarios para o alumnado con necesidades educativas específicas, respectando en todo caso as competencias en materia de educación das comunidades autónomas e en colaboración co ámbito sanitario.

2. Os currículos de todas as etapas educativas non universitarias incluírán contidos formativos sobre o uso adecuado e crítico da internet e as novastecnoloxías, destinados á sensibilización e prevención das violencias sexuais, a protección da privacidade e os delitos cometidos a través das novas tecnoloxías da información e a comunicación promovendo unha educación na cidadanía dixital mediante a consecución de competencias dixitais adaptadas a nivel correspondente do tramo de idade.

3. As administracións educativas impulsarán, nas universidades da súa respectiva competencia, a inclusión dos anteriores contidos formativos nos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais nos que resulte coherente conforme ás competencias inherentes aos mesmos.

4. Os servizos de inspección educativa, ou órganos que as administracións educativas competentes determinen, velarán polo cumprimento e aplicación do previsto nos apartados 1 e 2 deste artigo en todos os ámbitos do sistema educativo.

Pola súa banda a Lei orgánica 8/2021 de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia dedica o Capítulo VIII do Título III ás novas tecnoloxías, destacando a importancia de desenvolver campañas de educación e sensibilización dirixidas aos nenos, nenas e adolescentes, familias, educadores/as e outros/as profesionais que traballan habitualmente con persoas menores de idade sobre o uso seguro e responsable da internet e as tecnoloxías da información e comunicación, así como sobre os riscos derivados dun uso inadecuado que poidan xerar fenómenos de violencia sexual contra nenos, nenas e adolescentes como o ciberbullying, o grooming, a ciberviolencia de xénero ou o sexting, así como o acceso e consumo de pornografía entre poboación menor de idade.

Formar e educar á sociedade, con especial atención á mocidade, tanto nos perigos que comportan os contidos dixitais de violencia sexual como na necesidade de coñecer os nosos corpos e aprender a respectalos deberían formar parte da estratexia de loita contra as violencias contra as mulleres. Peza crave para facerlle fronte aos casos de violencia de xénero é que a xustiza conte cos medios e a especialización necesaria para facelo, por iso o PSOE vén de comprometerse á creación de cinco novos xulgados exclusivos de violencia de xénero: en Lugo, Ourense, Santiago, Pontevedra e Ferrol e á dotación de todos medios precisos para o seu correcto funcionamento. Comprometéndose a incluír os de Santiago, Lugo e Ourense nos Orzamentos Xerais do Estado para 2024.

Por outra banda, de cara a mellorar a persecución dos delitos de violencia contra as mulleres, e dos delitos de violencia sexual en particular, é fundamental o papel das Unidades de Valoración Forense Integral, a súa necesaria posta en marcha está recollida na Medida 135 do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, así como no artigo 47 da Lei orgánica 10/2022, de 6 de

setembro, de garantía integral da liberdade sexual. Estas unidades son necesarias para que o xuíz/xuíza teña a maior información posible e poida adoptar unha resolución axustada ás particularidades do caso. É, polo tanto, imprescindible que se dea cumprimento á Medida 135 do Pacto de Estado e ao artigo 47 da Lei orgánica 10/2022 para establecer as Unidades de Valoración Forense Integral en todo o territorio de forma que xuíces, fiscais e avogados poidan dispoñer da maior información posible para solicitar ou adoptar a mellor resolución e que lles permita emitir o seu informe coa urxencia que o caso requira.

Para facerlle fronte a violencia contra as mulleres, tan só neste ano 2023, o Goberno de España destina a Galicia máis de 14,7 millóns de euros, dos cales, 13 millóns de euros irán destinados á Xunta de Galicia e 1,7 millóns, aos concellos.

Os concellos temos unha responsabilidade e a obrigaón de velar pola seguridade e os dereitos dos seus cidadáns e cidadás, garantir contornas libres de violencia, así como protexer ás vítimas. Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Rianxo xunto co Grupo do Bloque Nacionalista Galego de Rianxo, presentamos para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

1. Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
2. Ratificar o compromiso deste Concello coa erradicación e prevención da violencia machista en todas as súas expresións. Apoiar as iniciativas de sensibilización e educación en igualdade e prevención da violencia machista, e en particular da violencia sexual, poñendo unha atención especial na infancia, adolescencia e mocidade. Colaborar co tecido asociativo que traballa pola igualdade e a loita contra a violencia machista.
3. Ampliar a difusión dos recursos existentes para atender casos de violencia contra as mulleres entre a poboación en xeral, e as familias en particular. Promover programas de educación afectivo-sexual e de resolución de conflitos en colaboración cos centros educativos do municipio.
4. Elaborar un plan director, xunto coa Comunidade Escolar, para reflexar actividades de concienciación e que teñan recorrido temporal e valoración de funcionamento da mesa de forma continua.
5. Promover a creación dun Centro de emerxencia social ou un Servicio municipal de atención a urgencias sociais SEMUS. Está dirixido a atender a persoas especialmente vulnerables que sofren situacións de risco.
6. Contribuír de xeito activo á implementación do contido do Pacto de Estado contra a violencia

de xénero.

8. Promover en Rianxo a creación dun CIM.- centro de Información á Muller, ou buscar acordos con Concellos limítrofes que xa dispoñan deste servizo e acordos con Asociacións que estean abordando este aspecto dentro dos seus contidos. Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:

4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.

4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza achegará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.

Instar ao Goberno de España a:

1. Garantir o cumprimento da aplicación de sistemas efectivos de verificación da maioría de idade nas plataformas e páxinas web con contidos pornográficos, poñendo os medios suficientes e adoptando os mecanismos necesarios.

2. Establecer por lei que todos os dispositivos con conexión a internet que se poñan á venda en España contén con un o control parental/marental de maneira predeterminado.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Realizar un estudo sobre o acceso, consumo e implicacións da pornografía online en Galicia.

2. Dar cumprimento ao artigo 7 da lei orgánica de garantía integral da liberdade sexual en materia de educación afectivo-sexual e do uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, incluíndo información sobre os riscos da pornografía en contornas dixitais (sexting, grooming, ciberacoso...).

3. Elaborar, antes de que remate o actual período de sesións, unha guía con material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.

4. Elaborar unha campaña de grande alcance dirixida á mocidade sobre o perigo do consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. A campaña, realizada para a súa difusión en todos os soportes, enviarase a todos os centros educativos galegos e aos concellos e estará dispoñible para calquera organización que a solicite.

5. Dar cumprimento ás medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, en particular, de xeito urxente, á medida 135 do Pacto de Estado establecendo Unidades de Valoración Integral Forense con persoal suficiente en todo o territorio galego.

6. Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.

7. Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS Á CIDADANÍA, DEPORTE, CULTURA, EDUCACIÓN, PARTICIPACIÓN, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

5 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG: SOLICITANDO O CUMPRIMENTO DA INICIATIVA XABARÍN, APROBADA POR UNANIMIDADE NO PARLAMENTO GALEGO, DA LEXISLACIÓN

VIXENTE, E CON MÁIS DE 33.000 SINATURAS

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai 3 anos que A Mesa pola Normalización Lingüística lanzou a Iniciativa Xabarín reclamando contidos infantís e xuvenís en galego nas televisións públicas. Co apoio de 33.000 sinaturas a Iniciativa debateuse no Parlamento galego que en maio de 2021 aprobou por unanimidade o seguinte:

- 1. Que a Corporación de Radio Televisión de Galicia aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través do reforzo e a promoción das catro canles dixitais Xabarín coas que conta a CRTVG. O sinal destas canles sería distribuído a través dos paquetes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, ADSL e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñible en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais, así como aplicacións actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.*
- 2. Reclamar do Goberno de España que, dentro do marco das súas competencias, promova as medidas precisas para que a Corporación de Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego, nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa aplicación.*
- 3. Instar o Goberno español a impulsar o cumprimento do contido dos artigos do Anteproxecto de lei xeral de comunicación audiovisual onde se recolle a pluralidade lingüística como principio básico, e que a nova lei recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.*
- 4. Así mesmo, o Parlamento insta o Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada a galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar o avance das accións necesarias para a recepción mutua TVG-RPT en Galicia e Portugal, segundo o recollido na Carta Europea de Linguas Rexionais ou minoritarias, tendo en conta as súas condicionantes técnicas e económicas para o tecido produtivo e publicitario, e da simetría no alcance de audiencias.*

Ademais as Cortes do Estado aprobaron en xuño de 2022 a Lei Xeral de Comunicación Audiovisual que na disposición adicional 5a indica que o fornecedor do servizo público de comunicación audiovisual de ámbito estatal e os fornecedores do servizo de comunicación audiovisual de ámbito estatal garantirán nos seus servizos de comunicación audiovisual

temáticos infantís, e nos seus catálogos de programas, a incorporación de contidos audiovisuais especialmente recomendados para o público infantil de até doce anos, dobrados nas linguas oficiais das comunidades Autónomas.

Así mesmo, estes fornecedores ofrecerán contidos audiovisuais dirixidos ao público xeral, dobrados ou lexendados nas linguas oficiais das Comunidades Autónomas.

Neste momento non se está a cumprir ningún destes acordos parlamentares. Malia a súa maior responsabilidade as televisións públicas (TVG e TVE) cunha responsabilidade social maior, son as que máis incumpren.

A TVG continúa a limitar a programación á 2a canle, sen que teña visto nestes tres anos ningún avance para a creación dunha canle temática nunha plataforma dixital propia, nin acordos para a inclusión nas operadoras de TV dispoñíbeis.

TVE, pola súa banda, incumpre descaradamente e sen rubor a lexislación: desde a aprobación da Lei audiovisual emitiu 0 programas infantís ou xuvenís en versión orixinal, dobrada ou lexendada en galego.

Mentres se incumpren estes acordos e a lexislación, a presenza do galego nas canles temáticas infantís e xuvenís da TDT e operadoras de televisión é dun 0,83% que converte os servizos audiovisuais noutro espazo vetado para o noso idioma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete esta moción a debate e aprobación polo Pleno do concello de Rianxo propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Reclamar á Xunta de Galiza e á Dirección da CRTVG que executen o acordo do parlamento galego do 12 de maio de 2021

2. Reclamar á presidencia de TVE que cumpra a Disposición adicional 5a da Lei 13/2022 Xeral de Comunicación Audiovisual de 7 de xullo

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS Á CIDADANÍA, DEPORTE, CULTURA, EDUCACIÓN, PARTICIPACIÓN, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno

da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a proposta nos termos desta.

6 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CON MOTIVO DO ESTADO LAMENTABLE DOS PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE RIANXO

Dáse conta da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

Por seguridade, responsabilidade e compromiso electoral na mellora e equipamento dos parques infantís, o grupo do Partido Popular de Rianxo propón levar esta moción polo **deterioro manifesto e total abandono** no que se atopan as distintas áreas de xogos infantís do noso concello.

ANTECEDENTES

Todos os parques infantís, independentemente de que sexan parques infantís exteriores ou interiores, teñen que estar sometidos a unha serie de normas e requisitos de seguridade tanto nas instalacións xerais, como nos equipos individuais que o conforman, como os balancíns, randeiras, tobogáns etc.

Estas medidas de seguridade nos parques están reguladas por diversa normativa española, europea e autonómica como, por exemplo, o Decreto 245/2003 da Xunta de Galicia.

Os parques infantís son un dos lugares favoritos de calquera neno ou nena, sendo ademais un dos espazos recreativos onde máis tempo pasan, polo que a seguridade dos seus elementos de xogo resulta fundamental para garantir toda a diversión do mundo sen ter ningún imprevisto ou accidente.

Á hora de facer unha valoración do estado das áreas de xogo debemos ter presente a necesidade de actualizar estas zonas para que axuden aos menores para moverse con máis autonomía, exerciten a súa creatividade e contribúan ao seu desenvolvemento psicomotriz. Ademais, debe ser unha prioridade asegurar que estes espazos sexan accesibles para todos os nenos.

A pesar dos esforzos de corporacións anteriores, pódese constatar que o estado actual dos distintos parques municipais non cumpren coa normativa de seguridade de obrigado cumprimento, presentan deficiencias estruturais, deterioros varios e moitos con ausencias de elementos de xogo, características actuais dos parques Rianxeiros e inadmisibles para calquera parque infantil.

Unha avaliación técnica de todos os parques infantís achegaranos unha visión completa do seu

estado e permitirá ás áreas competentes optimizar os recursos que se destinen para a súa mellor. Por iso temos que garantir que os parques infantís sexan espazos seguros, e para iso, a primeira condición será avaliar o estado actual destas zonas.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión de seguridade, instamos ó goberno da corporación municipal a adopción destas medidas:

- 1.- Solicitar informe técnico de todos os parques infantís do concello, con inventariado de elementos e estado actual dos mesmos respecto ó cumprimento legal, para executar antes de finalizar o primeiro trimestre do ano 2024.
- 2.- Remisión dese informe a toda a corporación.
- 3.- Execución dun plan de acción de subsanación de desperfectos, nova dotación de elementos e ampliación/mellora dos parques, instando ó goberno municipal, a dotalo de partida económica para execución durante o ano 2024.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

7 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP CON MOTIVO DA FALLA DE ALUMEADO NOS PASOS DE PEÓNS.

Dáse conta da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

Por seguridade e responsabilidade o grupo do Partido Popular de Rianxo propón levar esta moción POLO PERIGO MANIFESTO DE ATROPELO nos pasos de peóns do concello de Rianxo.

ANTECEDENTES

Os pasos de peóns son os espazos situados sobre a calzada que comparten peóns e vehículos nos puntos de cruzamento entre itinerarios peonís e vehiculares. A necesidade de advertir a presenza do peón por parte do condutor faise fundamental xa que o paragolpes neste caso é o propio corpo do peón o cal xera lesións graves, moi graves ou mesmo a morte.

A mobilidade peonil ten que ser obxecto de actuacións específicas de planificación e deseño, especialmente naquelas situacións onde se dá unha interacción con elementos motorizados. Por iso, **a localización, deseño, visibilidade, dos pasos de peóns son un elemento clave** dentro da planificación de calquera contorna urbana. Esta non é unha situación allea en Rianxo onde vemos como en gran parte do pobo os pasos de peóns están sen pintura, colocados en zonas ocultas por contedores ou coches aparcados, sen a suficiente iluminación...sendo iso unha causa que acrecenta excesivamente o perigo dos mesmos e o risco para os peóns.

Se atendemos ao “Programa de avaliación de pasos de peóns” de Eurotest, un programa europeo desenvolvido co fin de establecer unha metodoloxía de avaliación da seguridade dos pasos de peóns, vemos como hai unha serie de parámetros conforme este test que establece unha metodoloxía que permite a recollida de datos e posterior tratamento para a obtención duns resultados de seguridade dos pasos de peóns. En concreto 27 factores de seguridade que abarcan catro categorías:

Sistema de cruzamento. Ponderación 23%

Visibilidade diúrna. Ponderación 26%

Visibilidade nocturna. Ponderación 32%

Accesibilidade. Ponderación 19%

Esta metodoloxía sérvenos para que podemos determinar as necesidades dos diferentes pasos de peóns cualificándolles en moi bo, bo, aceptable, mal e moi mal. Este sistema aplicado ó noso pobo permitíranos determinar a existencia de pasos con necesidades concretas: de iluminación específica, de repintado superficial, de recolocación de contedores ou prazas de aparcamento, outros ser desprazados, outras luces led no chan... e haberaos que non necesiten ningunha intervención. Todo iso en busca de lograr a maior seguridade para o peón e a mellor convivencia entre estes e o vehículo no noso pobo.

Rianxo non pode ser alleo a problemática dos atropelos, e por iso desde as administracións locais non podemos “mirar para outro lado e deixar pasar a posibilidade de mellorar as zonas habilitadas para o cruzamento de vías de forma segura para peóns e condutores.

Para iso existen varias medidas que se poden tomar para tentar que cruzar as vías da nosa localidade sexa máis seguro:

- Mellorar a accesibilidade nos pasos de peóns.
- Eliminación dos obstáculos que impidan a visibilidade a peóns e vehículos (mobiliario urbano,

aparcamento, vexetación etc.)/ etc.).

- Boa iluminación nos puntos de cruzamento que permita ver e ser visto con garantías. Consideramos que **este punto de boa Iluminación é o mais prioritario**, xa que a nosa climatoloxía non favorece a correcta visibilidade, xa que factores coma a choiva, brétema, vento e humidade condicionan moitísimo a seguridade vial ... e si a esto lle sumamos a baixa ou nula iluminación ... o resultado pode ser nefasto.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión de seguridade, trasladamos a pleno a adopción destas medidas:

1. Que se proceda ao estudo e análise da situación de seguridade dos diferentes pasos de peóns do pobo de Rianxo, **de forma prioritaria, aqueles que se atopan nas proximidades de colexios, pavillóns deportivos, parques, centros de saúde e lecer.**
2. Que do devandito estudo se extraian as accións necesarias a implementar nos diferentes pasos de peóns, realizando un plan definido de prioridades a fin de corrixir o máis axiña posible as deficiencias apreciadas

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN. O pleno da corporación ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

8 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PP FALTA DE TRAMO DE BEIRARRÚA NA ALDEA DA VACARIZA

Dáse conta da proposta presentada:

O Grupo Municipal do Partido Popular de RIANXO conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, eleva ao Pleno a seguinte moción:

Por seguridade e responsabilidade o grupo do Partido Popular de Rianxo propón levar esta

moción POLO RISCO MANIFESTO DE ATROPELO no tramo da estrada DP3301 o seu paso pola aldea de A Vacariza.

ANTECEDENTES

Debido as reiteradas queixas dos veciños do lugar da Vacariza e ante a constatación do risco que actualmente supón a falta de acera ou beirarrúa nun tramo da estrada DP3301 (do pto. Kilométrico 11.400 ata o 11.700), é necesaria a continuación da beirarrúa existente do lugar DA VEIGA nuns 300m. ata chegar o cruce de entrada da VACARIZA.

Ese tramo e unha zona concorrida polos veciños da contorna que para comunicar a parte baixa da aldea co núcleo consolidado da Vacariza, deben transitar a partir do lugar da Veiga polo medio da estrada debido a inexistencia de beirarrúa ou arcén que permita o transito de persoas. Ademais cando pasan os coches, os peóns non teñen marxe de escapatoria e só lles queda tirarse á cuneta ou manterse na estrada quedando expostos a un posible impacto dos vehículos que por alí circulan.

Por todo o exposto, e ante a relevancia desta cuestión de seguridade, trasladamos a pleno a adopción destas medidas:

1.- Solicitar a Deputación da Coruña a construción dunha beirarrúa na estrada DP3301, dende o punto quilométrico 11.400 ata o punto 11.700, ó seu paso pola aldea de A Vacariza.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O Voceiro do grupo municipal BNG, di que no acordo tense que engadir a construción de beirarrúas nos seguintes tramos:

- de Auín a Leiro
- A Barraca dende o Tanatorio
- Beirarrúas entre Agua e Rañó
- Ampliación peonil na Ponte en Quintáns

- Beirarrúas entre Bures e o Seredal
- Zona Santa Lucia, vivendas que non teñen beirarrúa na súa parte

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción coa emenda sinalada no debate, resultando APROBADA nos seguintes termos:

1.- Solicitar a Deputación da Coruña a construción dunha beirarrúa na estrada DP3301, dende o punto quilométrico 11.400 ata o punto 11.700, ó seu paso pola aldea de A Vacariza.

- de Auín a Leiro
- A Barraca dende o Tanatorio
- Beirarrúas entre Aguiá e Rañó
- Ampliación peonil na Ponte en Quintáns
- Beirarrúas entre Bures e o Seredal
- Zona Santa Lucia, vivendas que non teñen beirarrúa na súa parte

9 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: 25 NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

Presentada conxuntamente co grupo municipal do BNG, no punto 4 Moción do BNG e do PSOE relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista

10 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: CONTROL NO CONSUMO DE DROGAS EN ZONAS CERCANAS A ÁREAS INFANTÍS E REGULAR O BOTELLÓN

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha das lacras que nos toca vivir é o consumo de drogas e alcohol , sobre a cal debemos poñer os esforzos necesarios, con programas de concienciación en colexios e intitutos, con plans directores Municipais en coordinación coa Subdelegación do Goberno, e cunha planificación propia a nivel Municipal intensa e clara, con medición de obxectivos a medio prazo para poder determinar si as acción Municipais son as máis apropiadas.

Esta moción ben podería ir incluída dentro da moción presentada sobre Xuventude, xa que este

aspecto referido ó consumo de drogas é na franxa de idade donde ten mais afectación ten .O consumo de drogas de uso habitual están asimiladas e normalizadas por esta sociedade que en moitos casos ata o vemos como normal: caso do botellón.

Creemos que debemos tomar medidas para poder controlar estas situación, xa que repercute directamente de forma negativa na saúde dos afectados , pero tamén na saúde mental do entorno familiar, e de seguro nos veciños e veciñas que ven como a súa vida se ve alteranada nalgún momento por situación derivadas do consumo de drogas e alcohol.

ë un tema importante que deberíamos ter sempre presente na organización de eventos con asistencia dos noso xóvenes, e de seguro as políticas autonómicas e estatais tamén serán determinantes neste proceso, por eso un proceso coordinado sería o idóneo.

Lamentamos que na configuración de áreas , o goberno actual non tivese en conta a área de seguridade, máxime cando unha das mocións presentadas por ReC na lexislatura anterior ía referida ó control de Xogo, das máquinas de apostas etc.

Esa sería unha das áreas determinantes para esta agrupación, pois dentro desa área poderíamos incluír multitude de aspectos e desenvolver, como a redacción do PEMU: plan de emerxencia Municipal que estos días vimos tan necesario.

ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, este Grupo Municipal instar ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a :

- Establecer acción de control sobre o menudeo: especialmente de zonas cercanas a parques infantís e vivendas (Campo de arriba , Fonte de Tronco, Lavadero do Río de Sima, por exemplo)
- Crear unha área de seguridade da que partan todas estas propostas, e poder crear alguna comisión espacial en datas sinladas con motivos de eventos de interese.
- Desenvolver un plan director xunto coa comunidade Educativa de forma Bianual, e estruturando por idades para favorecer o traballo de concienciación.
- Xenerar un plan para regular o botellón : establecer mecanismos de control(presentar o DNI, informar da hora e habilitar lugares para facelo en períodos de festas ou datas excepcionais)
- Incrementar a presenza policial nos puntos conflictivos.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE, MAIORES E XUVENTUDE, en sesión do día 23/11/2023 na que se ditaminou

favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e doce abstención (2 dos membros do grupo BNG, 5 membros do grupo PP e 5 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

11 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE COMPENSACIÓN ECONÓMICA POR PARTE DA XUNTA DE GALICIA

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O reto dos pequenos concellos , como o de Rianxo, é a optimización dos recursos de propios, os seus impostos fundamentalmente, e a boa xestión dos seus activos, e tamén da ordenación adecuada das aportacións que diferentes administracións fan: Deputación da Coruña, Xunta de Galicia e Estado Español, de forma directa ou ben mediante subvención ou programas.

Recentemente, o presidente da Fegamp, Alberto Varela esixía a Xunta que aumente as partidas para Concellos, que están "afogados" pola falta de financiación e as competencias impropias.

Facemos aquí mención de novo á Ley de Bases

Primeiro artigo. Modificación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, queda modificada como segue:

O artigo 27 queda redactado como segue:

6. A delegación deberá ir acompañada en todo caso do financiamento correspondente.

O incumprimento das obrigas económicas por parte da Administración autonómica delegante facultará a Entidade Local delegada para compensalas automaticamente con outras obrigas económicas que teña con ela.

Por iso resulta especialmente chamativo que a Xunta leve coa súa aportación conxelada dende 2014, o que supón unha perda , basada no incremento de IPC interanual, dun 20% aprox.

E a esto se suma que non asume o custe das competencias impropias.

Este aspecto é de vital importancia para entender que a Xunta debe abonar ós Concellos as

cantidades que lle corresponden por servizo, e marcar uns importes mínimos a percibir en base ós que dispoña cada Concello, xa que o criterio poblacional en moitos casos non reflexa a realidade do Concello.

Actualmente o noso Concello, Rianxo, derivado do nº de instalacións, servizos, dispersión poblacional, Industria, etc xunto cos incremento de costes enerxéticos lévanos a unha situación límite, posto que o Concello debe seguir garantindo uns servizos, un funcionamento.

Actualmente Rianxo recibe máis importe directo do Estado, Deputación da Coruña, cun presuposto inferior, que da propia Xunta de Galicia, que recibe fondos do Estado para destinalos ós Concellos, mais esta aportación é mínima e chega con criterios subxectivos: que asfixia ós Concellos.

Neste punto debemos destacar que a Xunta de Galicia, debería someter as súas subvencións ou programas a determinados criterios e condicións no seu uso ou emprego e ter en conta a análise dos custos efectivos dos servizos dos concellos e das súas necesidades reais: podemos poñer o caso dos socorristas, dos servizos forestais, da recente construción dun tanque de tormentas ou remodelación dunha Edar, e non ter previsión de custes e impacto económico que esta situación tería sobre o presuposto Municipal.

O Concello debe ser consecuente con esta situación e priorizar as súas actuacións coa finalidade de dar cumprimento tamén as súas obrigas e competencias.

Dentro desta esixencia á Xunta de Galicia, o propio Concello debe ser esixente coas propostas e medidas adoptadas para este axuste económico. Debe ter control de subvención e proxectos.

- Recentemente vimos a PERDIDA DE 64.000€ dunha subvención para unha pista de Padel, cando hai servizos pendentes de resolver e agora vaise ter que destinar recursos Municipais para eso, ou deixalos como están, que sería peor.
- Á espera de verificación de datos, a día Novembro de 9, a Xunta publicou no DOGA a resolución de 2 subvencións tamén perdidas...
- O Concello de Rianxo así mesmo tampouco foi capaz de conseguir ter servizo de socorrista un ano máis, que aplicando o criterio que seguía o Goberno cando estaba na oposición, tamén foron 30000€ perdidos.
- A esto sumamos o gasto de proxectos, aínda que é verdade que xa queda feito, pero eso era exactamente o que propñía facer o PSdG DE Rianxo, e vostede decidiu que o POS Adicional 2º fase 2023 se levase a gasto Corrente. E tamén que os recursos do Concello a nivel laboral se destinen de forma van a situacións que non teñen sentido neste momento, e nos resolve as cuestións dos veciños e veciñas.

De igual xeito e a espera de poder verificar os datos solicitados por rexistro, comprobamos como

o rigor de gasto e o control de inversión “brilla pola súa ausencia”, recentemente solicitados información sobre a duplicidade de datos nun informe que supón un desvío de 15000€, así como previsións de gasto de 60.000€ en actividades sociais do 8M e do 25N. De igual xeito vemo

Polo anteriormente exposto, o Grupo Socialista do Concello de Rianxo presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal os seguintes ACORDOS:

Instar ó Concello de Rianxo

1. Realizar un plan estratéxico Municipal de seguimento de subvencións e proxectos para crear un área específica para estes procesos.
2. Facer unha valoración económica das competencias impropias que lle corresponde a Xunta de Galicia e reclamar ese importe para a xestión Municipal
3. Aplicar Rigor e contención no gasto, emitindo un informe mensual sobre a consecución da previsión de gasto emitido dende as áreas departamentais.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Compensar economicamente ó Concello de Rianxo pola conxelación da aportación directa dende 2014.
2. Establecer sistemas de subvencións acordes a realidade do servizo (Servizo de socorritas anual), con tempo e forma para poder optar a súa consecución.
3. Marcar programas bianuais para programas de emprego, coa flexibilidade necesaria para que os Concellos poidan administrar as tarefas.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE PLANIFICACIÓN ECONÓMICA, EMPRENDEMENTO, EMPREGO, TURISMO E MAR, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 4 votos a favor (4 dos membros do grupo PSOE), 2 votos en contra (dos 2 membros do

grupo BNG) e 11 abstención (5 dos membros do grupo municipal PP, 5 dos membros do grupo municipal Rianxo en Común e 1 do membro do grupo municipal PSOE *de conformidade co disposto no Art. 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por el que se aprueba el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales: .../...1. El voto puede emitirse en sentido afirmativo o negativo, pudiendo los miembros de la Corporación abstenerse de votar. A efectos de la votación correspondiente se considerará que se abstienen los miembros de la Corporación que se hubieren ausentado del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación de un asunto y no estuviesen presentes en el momento de la votación. En el supuesto de que se hubiesen reintegrado al Salón de Sesiones antes de la votación podrán, desde luego, tomar parte en la misma..../...*) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.

12 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE MERCADO MUNICIPAL

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O mercado Municipal foi e é un dos temas recurrentes en debates, máis vemos que durante os últimos anos non funcionou nin houbo alternativa de funcionamento, xenerando ó mesmo tempo grandes contratempos para as persoas que alí teñen un local a día de hoxe.

Vendo e analizando a proposta deste goberno de ReC en base a este espazo:

- Modificar ordenanza para darlle a posibilidade de máis actividades
- Tarefas de Mantemento €€
- Promover ocupación
- É UNHA VEZ OCUPADO E FUNCIONANDO buscar outro espazo máis adecuado.

Medida 8. Convertiremos o Mercado Municipal nun referente comercial dos produtos locais, realizando nel as melloras necesarias e potenciando a diversificacións de funcións. Á vez, buscaremos financiación para emprazalo noutra localización.

Creemos que a estratexia de investir, promover e unha vez funcione, pois non é a adecuada, xa que un negocio que está funcionando nunha ubicación o menos que pode pensar é en marchar, poderá expandir o seu negocio abrindo outros, pero pechar un negocio funcionando para abrir en outro sitio, nós non creemos nese modelo, mesa proposta.

Por todo isto creemos necesario facer as actuacións necesarias para conseguir dinamizar este espazo con outro modelo de xestión, e así o reflexa "REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE RIANXO, CAPÍTULO II - MODALIDADES DE PRESTACIÓN

Artigo 4.- Xestión do servizo.

O servizo prestarase en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, ben sexa mediante xestión directa (art. 85.2.A) da Lei 7/1985) ou indirecta (art. 85.2.B) da anterior Lei, en relación co 156 do TRLCAP), de acordo coa modalidade que en cada momento determine o Pleno Corporativo

Creemos que unha alternativa sería facer un proposta de xestión indirecta por parte de algunha das asociación Rianxeiras, ou ben por parte da unión das dúas.

Un espazo para se puidera explotar ou usar para as actividades de ambas asociación, e serían elas as responsables de buscar o seu funcionamento.

ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, este Grupo Municipal insta ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a :

- Cambiar o modelo de xestión a unha xestión indirecta
- Estudara afectación deste cambio ós comercios instalados
- Establecer período máximo de proba de funcionamento de 2 anos

Facer revisión ANUAL

- Destinar despois dese tempo de marxe ese espazo a zona recreativa pechada : ocio xuvenil e parque infantil
- Buscar espazo alternativo dende o momento da cesión para vanzar en caso de non conquistar de forma favorable a proposta.

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (5 dos membros do grupo PSOE), cero votos en contra e 12 abstención (dos 5 membros do grupo PP, 5 membros do grupo de Rianxo en Común e 2 membros do grupo BNG) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

13 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: MELLORA DOS CEMITERIOS DE RIANXO: APARCAMENTO E ESCALEIRA PARA SUBIR ÓS PANTEÓNS

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os cemiterios forman parte do patrimonio material e inmaterial dunha comunidade como representación de valores e ideoloxías, apoiados por eles. Os cemiterios, máis aló a súa función específica, son un lugar de memoria que protexe o pasado e permite a construción dunha conciencia histórica en permanente actualización

Os enterramentos máis antigos teñen máis de corenta mil anos, o que indica que o culto ós mortos proporcionáanos unha das informacións máis antigas sobre a presenza humana na Terra e a constante relación entre cultura e morte. A tumba é un dos

primeiros monumentos humanos, non hai cultura sen tumba, nin hai tumba sen cultura.

A pesar dos avances tecnolóxicos, perviven tradicións, festas, romarías e, sobre todo, a memoria dos defuntos con todos os seus rituais, que supoñen un profundo respecto e culto ás tumbas dos seres queridos. Como expresa M. Murguía (1888), o culto aos devanceiros é algo inherente e totalmente arraigado á mentalidade galega, que contribúe a determinar a idiosincrasia da sociedade.

Por iso, os cementerios son lugares de especial interés, e coidado, máis alá das creencias, ou da forma percibir este proceso da morte, son lugares donde os nosos familiares descansan, e a donde os imos “visitar”, “falar”, e tamén, “emocionar”. Lugar ó mesmo tempo de encontró e quedadas dos nosos maiores fundamentalmente para facer a visita os seres queridos que xa non están con nós.

Tendo en conta ademáis que é unha das competencias que debe asumir O Concello según a Lei de bases no seu artigo 25 apartado k) Cementerios y actividades funerarias.

Actualmente os cementerios do Concello mostran disparidade de coidados e actuación, sendo o de Isorna e Asados os máis agraviados pola falta de aparcamento, e en xeral todos pola inseguridade que xenera o uso das escaleiras actuáis para acceder ós panteós máis altos.

Máis alá da titularidade dos ceminterios, dende esta agrupación entendemos que debemos facilitar certos aspectos no resto de ceminterios do Concello.

Os ceminetrios son frecuentados fundamentalmente polas persoas maiores, polo que dende a acción Municipal debemos garantir a súa seguridade, xa que moitas das veces acceden sós e soas, co risco que eso supón.

Deixamos aquí a imaxe dunha escaleira a modo de exemplo, cun importe aproximado de 1500€



ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, este Grupo Municipal insta ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a :

- Iniciar os trámites necesarios para dotar de parking ó cementerio de Isorna e de Asados
- Iniciar os procedementos necesarios para mellorar os acceso ó parking “NOVO” do cementerio de Taragoña.
- Incluir dentro das rutinas de limpeza os cementerios.
- Modificar as situacións necesarias dentro dos cementerios para que as escaleiras con rodas poidan ser de uso, ou buscar alternativas seguras para os veciños e veciñas.
- Revisar as luces nos accesos ó cementerios

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e someteuse a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo PP, 5 dos membros do grupo PSOE), cinco votos en contra (dos 5 membros do grupo Rianxo en Común) e dúas abstención (2 dos membros do grupo BNG) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

14 MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PSOE: ARQUITECTO TÉCNICO

Dáse conta da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Valorando o funcionamento Municipal no referente as obras licitadas e en execución ou xa finalizadas, e vendo seguemento que dende o grupo de Goberno se está dando, queremos mostrar a nosa preocupación ó respecto, xa que en breve deberíamos iniciar a obra máis importante e comprometida do concello dos últimos anos, posto que supón unha inversión de + de 1.000.000 de euros, e a non acabar en prazo supón un risco importante para o futuro económico do Concello.

Recordemos:

- Isorna – Prazo 6 meses + Prorroga – SIN ACABAR
- Taragoña- Prazo 3 meses Centro Cultural - SIN ACABAR
- Taragoña- Prazo 3 meses Colexio Brea Segade - SIN ACABAR
- Rianxo- Prazo 2 meses Pabellón- SIN ACABAR
- Pazo de Martelo – 10 meses . SinInicar—fin 30 sept 2024.

Por todo isto e para dotar de seguridade ás obras que debe executar o Concello, como pode ser o acontecido estos días en Campelo, creemos que é necesario que sexa un aruitecto técnico quen deba facer esas tarefas, e liberar desa responsabilidade ó Concelleiro de Obras.

Ademáis, esta figura permitiría facer alguna destas tarefas:

seguimento e dirección das obras municipais.

Inspección de obras, urbanizacións e proxectos similares promovidos por particulares e entidades públicas, que posteriormente deberán ser trasladados ao Concello.

Emitir certificacións de traballo e revisar facturas polo traballo realizado.

Informar e realizar os trazados e recepcións de obras que o requiran.

Xestionar e realizar proxectos ou anteprojectos da súa competencia.

Programa de mantemento, conservación e limpeza de edificios, servizos e infraestruturas municipais.

Supervisión do funcionamento e da calidade dos servizos e infraestruturas municipais.

Programación e supervisión do traballo das brigadas de obra.

Prestar a asistencia técnica e o asesoramento que precisen os órganos sociais e as comisións informativas.

Realizar e estudar propostas de adquisición de mobiliario urbano e outros servizos municipais.

Serían accións puntuais en momentos puntuais, en base a necesidade Municipal, permitindo desconxestionar un departamento moi necesario e facer propostas de mellora e control e ó mesmo tempo eliminar a responsabilidade ó Concelleiro de Obras, ademáis de aforro económico das dirección de obras e redacción de proxectos.

ACORDOS:

Polo exposto anteriormente, este Grupo Municipal insta ao Goberno de Rianxo en Común que dirixe Xulián Bustelo a :

- Analizar a viabilidade para reorganizar o departamento de Urbanismo.
- Contratar a un arquitecto técnico para facer ese traballo externo de revisión, seguemento e propostas antes plantexadas

DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, MOBILIDADE, OBRAS, SERVIZOS BÁSICOS E MEDIOAMBIENTE, en sesión do día 23/11/2023, na que se ditaminou favorablemente.

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 10 votos a favor (5 dos membros do grupo PP, 5 dos membros do grupo PSOE), cero

votos en contra e sete abstención (dos 2 membros do grupo BNG e 5 membros de Rianxo en Común) dos 17 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta

Sendo as 0:00 horas o señor alcalde levanta a sesión do Pleno municipal, quedando os asuntos restantes reflexados na orden do día sobre a mesa e pendentes de tratar na seguinte sesión do pleno municipal.